a voz do pobo

¡proletarios de todo-los paises unídevos!

Orgao do Comité Central do Partido Comunista de Galicia

Editado por P. C. G. | Año IX | Domingo, 27 Febreiro 1977 | Precio: 10 Pesetas

Galicia precisa da inmediata legalidade do seu Partido Comunista

Pra que a Democracia chegue á última aldea.

Pra que a Reconciliación sexa realidade entre nós.

Pra lograr a nosa imprescindible Autonomía.

O Partido Comunista de Galicia, con il unha parte moi importante do pobo galego, i en xeral toda a opinión pública galega, agardan a noticia, dun día pra outro, da legalización do Partido Comunista, cabalo de batalla de toda a oposición democrática nos últimos meses.

¡A legalización do Partido Comunista será o millor síntoma de que a democracia val de veras niste país. A legalización do Partido Comunista é, engadimos nós, a **millor garantía da libertade de todos.**

¡Xunto cos comunistas deben legalizarse todos os partidos da esquerda, que nos últimos anos uníronse a longa marcha do Partido Comunista, e doutros partidos, poles libertades democráticas e nacionaes dos pobos de España. **Os comunistas galegos i españoles, que fumos obxeto preferido durante tantos anos da represión franquista, que fumos os discriminados e marxinados predilectos da Reforma dende que morréu Franco, nunca aceptaremos** a discriminación de calquer grupo que queira actuar na nova legalidade democrática, sobre todo cando se trata de partidos que o que pretenden é precisamente apoiar a transformación democrática.

Asegún todos os indicios o PCG, e o PCE, non serán legalizados hasta pasadas unhas semáns. Dícese que deste xeito se pretende que entremos con retraso na campaña electoral.

¿Si ó fin imos recibir unha cantidade tan minoritara de votos, como se ven afirmando, por qué tanto temor a que teñamos a posibilidade de dar a conocer ó noso pobo **a verdade** dos comunistas?

As forzas antidemocráticas aínda non están derrotadas. Sabendo inevitable, gracias á presión popular e democrática, tratan agora de retrasala e de negar iste dereito a outros grupos políticos de esquerda. Dende estas páxinas, A VOZ DO POBO, voceiro do PCG, que loita tamén pola súa legalización inmediata como un periódico máis —pero diferente— que os galegos podan comprar nos kioskos e na rúa, fai un chamamento a apretar o paso, **a dar os últimos dous pasos** pola legalización dos partidos e da prensa democrática, e non esquezer que nunca nada nos foi regalado: cada medida democratizadora é consecuencia, ante todo, da loita do pobo.

Mentras o pobo sigue coa súa loita, mentras o PCG impón a súa legalidade **de feito,** «eles» siguen resistindo no bunker das instituciós franquistas que quererían ver prolongadas... Xa temos denunciado como teñen prendido ós nosos militantes por distribuir propaganda do VIII Aniversario, hai días clausuraron un Hotel-Restaurante en Vilagarcía de Arousa por contratar o seu local pra un acto do PCG, a prensa sigue sin facerse eco das opiniós e artículos do PCG e doutros partidos de esquerda (hai algunhas escepciós), os Gobernadores siguen en plan de prohibir todo acto ou mitín do PCG, os delegados de Información e Turismo siguen, en xeneral, actuando igual que en vida de Franco, etc.



Santiago Alvarez preside a entrega de carnés do Partido na Universidade de Santiago.

¿Cándo se vai a desmantelar as estructuras do Movemento? ¿Cándo haberá eleciós municipales libres? ¿Cándo deixará de ser posible que se diga que un cacique franquista como ANTONIO PUIG GAITE ten, a traveso de alcaldes e outros coma íl, «controlada» cara ás eleciós a provincia de Pontevedra?

Calqueira o entende: **quenes disfrutaron do poder durante 40 anos queren seguir facendolo por moito que agora os aires sexan de democracia.** E logo, lóxico que busquen taparlle a boca, discriminar ó Partido Comunista, o enemigo máis forte e constante de todo totalitarismo, de todo caciquismo, de toda manipulación.

Máis, non imos ceder no combate emprendido agora que se están conseguindo victorias, **non imos parar a nosa loita pacífica hasta que a democratización de Galicia seña un feito irreversible.**

As masas do pobo galego e todas as forzas democráticas están, i estarán, connosco, na batalla pola AUTONOMIA DE GALICIA. Sin ela non hai democracia posible na nosa terra. Son as nosas instituciós políticas autónomas as que garantizarán a marca democrática das instituciós hoxe aínda dominadas polo franquismo: axuntamentos, Hermandades, Cofradías, certas Cooperativas, etc. **A loita pola libertade en Galicia é hoxe a loita pola Autonomía.**

Aquiles que queren resucitar nas prósimas eleciós os métodos caciquiles do século pasado, os métodos do Conde de Bugallal, de José Benito ou de Calvo Sotelo, ademáis de reacionarios, son centralistas consumados. Contra iles non toparemos millor antídoto que a Autonomía e a acción das forzas consecuentemente democráticas.

O Partido Comunista de Galicia ofrece o seu esforzo, a sua loita veterana, á causa de concretar **tamén en Galicia** a política de Reconciliación Nacional que poña punto e final á Guerra Civil, pra poder convivir en paz todos nun réxime democrático **de verdade,** autónomo e **anticaciquil,** calesquera que fora o lugar de cadaquén no 36.

Trátase de construir unha Galicia NOVA **onde o sufraxio universal seña quen máis orden,** onde non haxa lugar pra quenes pretenden apropiarse —ou continuar— do poder indebidamente, nin pra quenes queran exercelo dictatorialmente. Trátase de romper **de verdade** co pasado fascista i entrar no presente democrático. Fagamos todos xuntos o aprendizaxe da democracia.

SOLIDARIDADE COAS ENCROBAS

Así decía a pancarta que costóu a vida a Emilio Suárez Valdés, militante da XUVENTU COMUNISTA GALEGA, víctima dun accidente cando a colocaba no alto dun edificio da Universidade Laboral da A Cruña, onde estudiaba.

Unha chea de comunicados de toda Galicia chegan estos días ás redaciós dos xornales, procedentes de Asociación de Veciños, culturales, estudiantiles, xuveniles, profesionales, amas de casa; da práctica totalidade das forzas políticas e sindicales, espresando a sua solidaridade cos campesiños das Encrobas, afeutados polas expropiaciós que a empresa «Lignitos de Meirama, S. A.» (filial de «FENOSA»), pretende levar adiante, apoiada nunha normativa xurídica desaxeitada á realidade da estrucura socio-económica da nosa terra; nunha Ademistración antidemocrática e centralista que non duda en por a disposición da empresa ás forzas do Orden Público; e no silencio cómplice das Hermandades de Labradores, verdadeiras covas de caciques ó servicio dos nemigos da democracia.

O problema das Encrobas saltóu ás páxinas da actualidade cando o pasado día 15, levóuse a cabo o cuarto intento de ocupación de terras por parte de funcionarios da Adeministración e da empresa, acompañados duns 70 gardas civiles que terminóu

SOLIDARIDADE COAS ENCROBAS

cunha ocupación parcial de terras, e co saldo de 20 contusionados e 40 detidos, a consecuencia dos enfrentamientos entre Guardia Civil e os campesiños

Sin embargo, o conflicto ven xa de bastante meses atrás, cando a Gobierno, decidiu esplotar os recursos de lignito, esistentes naquela zoa, iniciando os trámites pra ocupación da terra ó traveso do procedimento de espropiación forzosa e urxente.

A acción conxunta Adeministración-Gran Capital non pudo hasta agora domeñar a combatividade dos campesiños de Encrobas que defenden o que pra iles, e os seus maiores, foi i é o seu único medio de vida: o traballo da sua terra.

Faltos de terra e casa, sin outro oficio que o ser campesiño, de edades avanzadas ¿poden os campesiños das Encrobas voltar a escomenzar as suas vidas co pago dunhas indemnizaciós totalmente insuficientes, que nin se sabe cando se lles abonarían?

A esixencia do traslado da poboación a unha zoa o máis perto posible da que agora viven, onde se lles faciliten terras e casas da mesma calidade que as que agora traballan, é a condición que os campesiños plantexan frente á ocupación das terras. Punto iste que sería negociado coa empresa ó traveso dunha comisión nomeada por iles mesmos.

Os campesiños tiveron xa unha victoria: foi suspendida unha nova ocupación de terras que iba a ter lugar o día 21. Unha comisión dos campesiños e outra da empresa chegaron ó acordo polo cal comprometense a xuntarse hasta chegar a unha salida definitiva sobor das terras afectadas. Unha gran victoria dos campesiños de Encrobas, que non nos debe, sin embargo, facer esquecer o problema que ainda sigue vivo.

E preciso nestos momentos prestar a másima solidaridade ós campesiños das Encrobas. Neste senso, o Secretariado do Comité Executivo do PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA deu publicidade a un comunicado o pasado día 17 no que facía un chamameno ó movimeno obroiro e de masas e á todas as forzas democráticas galegas pra apoiar enérxicamente ás reivindicaciós dos pequenos propietarios das Encrobas. Entre outras cousas decía: «Os feitos que nos ocupan fan urxente un sindicato campesiño, galego, unitario, democrático e independente, previa libertade sindical agraria, e o paso ó movimento campesiño do patrimonio das hermandades, estructura caciquil que demostróu dabondo en 40 anos o seu carácter antidemocrático i estéril pra defensa do noso campo». Concluía o comunicado sinalando que «a falla dun contesto de libertades democráticas fai posible a indefensión de —neste caso dos campesiños— amplios seitores sociaes na reivindicación dos seus intereses».

Conflictos como o das Encrobas non son novos. Xa é longa a loita dos nosos campesiños frente a unha Adeministración que: ignora a realidade e os problemas do campo galego (a cosiña NON PAGAR a cuota da Seguridade Social Agraria foi posta en práctica fai xa varios anos polas Comisiós Campesiñas); que permite o empara os grandes monopolios («¡A terra é nosa, non de «FENOSA»!») pra levar adiante a desposesión de terras os campesiños como nos casos de Castrelo do Miño, Xove, Veigas de Campa, Lourizán, Campobecerros, Navia, Cartelle, etcétera.

A solidaridade que houbo nestes días por parte todo o pobo galego a favor dos campesiños das Encrobas mostra a gran sensibilidade que esiste na nosa terra cara a estes problemas, e cuia solución non atopa cabida dentro do actual marco xurídico-político.

Na hora de conquerir as libertades políticas e sindicaes en España, Galicia, que estivo sempre na vangarda, xunto cos demáis pobos do Estado español, na loita contra a dictadura, non pode quedar marxinada nin discriminada diste proceso hacia a democracia.

Non esistirán libertades políticas e sindicaes plenas en Galicia mentras ésta non dispoña dun Goberno e Parlamento propios que: defendan os intereses galegos, que son os da maioría da población; termine dunha vez coa espoliación e rapiña de que é ouxeto Galicia por parte dunha minoría oligárquica; que acabe co caciquismo de aquiles que solo lembránse da nosa terra cando de buscar votos se trata.

E preciso chegar canto antes a un Pacto de Unidade Galega, por parte de tódalas forzas democráticas galegas que comprométanse a loitar antes, durante e despóis das eleciós, pola AUTONOMIA PRA GALICIA.



CAMPAÑA 5 MILLÓNS "POR UNHA VOZ PRA O POBO"

INTERIOR		
CORUÑA		
Recaud. polos cdas. .	70.037	
«26 de Abril»	16.859 =	86.896
CORUÑA, PROV.		
Recaudado polos cdas.		17.100
FERROL		
Recaud. polos cdas. .	114.808	
Recaud. especiais ...	52.050 =	166.858
SANTIAGO		
Recaud. polos cdas. .	31.730 =	31.730
LUGO		
Recaudado polos cdas.		21.400
COSTA LUCENSE		
Recaudado polos cdas.		10.000
OURENSE		
Recaudado polos cdas.		13.600
PONTEVEDRA		
Recaudado polos cdas.		42.775
PONTEVEDRA, PROV.		
Recaudado polos cdas.		84.948
VIGO		
De Bujarín	5.000	
De Manolo, indepen.	25.000	
Recaud. polos cdas. .	15.850 =	45.850
VARIOS		
Recaudado polo C.C.	23.262	
Compromiso C.E. (1.ª Entrega	24.000	
De un artista	300.000	
De M.	4.559 =	351.821
ESTERIOR		
FRANCIA		
(Recaudado polos cdas.)		
En París (1.ª Entrega)		49.213
En París (2.ª Entrega)		63.382
En Marseille		1.340
SUIZA		
Recaudado polos cads.		71.429
VARIOS		
De I.		22.260
Suma total da lista N.º 1 ...		**1.080.602**



O XOVEN

EMILIO SUAREZ VALDES

Morreu ós 16 anos pola libertade

Os teus camaradas que non te esquencen

A Xuventú Comunista Galega

CARTA DE LUGO

Santiago Carrillo, secretario xeral do P.C.E., recibiú, no seu domicilio de Madrí, unha carta dun campesino de Lugo. Nela pide o seu ingreso no Partido. Hai moitas persoas como C. O. que síntense comunistas, ainda cando nunca estiveron orgaizadas, de xeito formal, no Partido. Cicáis, C. O. tivo algún familiar loitando na Guerrilla, nos anos 40, e vexa chegado o momento de, en certa forma, atoparse «de novo» co Partido. Cicáis, nas noites, escoitóu moitas veces a emisora do Partido animando á clase obreira, ós campesinos, ós estudiantes, a todo o pobo galego a proseguir sin desmayo a loita contra da Dictadura, a loita pola Libertá e o Socialismo.

Pró, mais que de seguir pensando nas razóns do seu ingreso —poden ser tantas—, pronto haberá locales públicos do PCG en todas as comarcas de Galicia e C. O. poderá ir a éles. Pronto conoceremos a súa razón. A razón de C. O., campesino de Lugo que, como tantos outros campesinos, pide o seu ingreso no Partido Comunista.

Ista é a súa carta:

«Día 28 Enero 1977.

Estimado Escelentísimo Señor Don Santiago Carrillo, Secretario General de todos los españoles. Pues yo C... tengo 30 años y que yo para ingresar en dicho partido **Comunista** porque en Lugo no connosco a ningún representante de dicho partido y por eso me dirijo a Vd., señor Santiago Carrillo —representante del Partido Comunista.

Yo C... O... he nacido el día 10 de junio de 1946, hijo de J... y A..., labrador, tengo tres vacas con otro, estoy soltero, en el servicio he servido con los Regulares en Ceuta.

Pues el Carnet de identidad si hace falta el número es... Mi dirección es... Lugo.

Atentamente,

Firmado: C. O.»

Día 28 enero 77.
Estimado Escelentisimo Señor
Don Santiago Carrillo Secretari
general de todos los españoles
Pues yo Celso tengo 30
años, y que yo para ingresar
en dicho partido Comunista
porque en Lugo no conoseo
a ningun representante de dicho
partido
y por eso me dedijo a Vd.
Escelentisimo Señor Don Santiago Carrillo representante
del Patido Cumunista
Escelentisimo Santiago Secretario del
Partido Cumunistes
Carrillo Santiago
secretario General Madrid

Prensa e Campaña electoral

Un dos interrogantes da campaña electoral é: ¿Qué postura van a adoptar a prensa legal galega?

As alternativas, en esquema, son tres:

1) Informar **equitativamente** ós lectores sobre las diferentes listas de candidatos, sin esclusión de ningunha que seña siñificativa (PRENSA INDEPENDIENTE).

2) Decir que se é prensa unitaria, allea a calquer partido, e apoiar **sibilinamente** a «determinada» lista de candidatos, partido ou coalición de partidos (PRENSA «VERGONZOSAMENTE» PARTIDISTA).


3) Declararse abertamente partidario dun partido ou lista electoral (PRENSA DE PARTIDO). Onde habería que incluir A VOZ DO POBO e demáis xornales voceiros dos partidos.


Nin que decir ten que a segunda alternativa non nos parez alá moi democrática e transparente.

O FILLO DE BREOGAN

por Pepe 77

ÓS VECIÑOS DAS ENCROBAS, AUTENTICOS FILLOS DE BREOGÁN









CAMPAÑA VIII ANIVERSARIO

SEGUIR ENSANCHANDO O NOSO PARTIDO

Os derradeiros acontecimentos, que conmoveron ó país, marcaron o desenrolo dos primeros días de celebración do Aniversario, colocaron nun plano secundario, diante a opinión púbrica, a nosa actividade e crearon unha inadacuada situación pra campaña propagandística, que debía ser o telón de fondo que embentara a Campaña, e pra a afluencia masiva ós actos que orgaizabamos. Iste mismo factor político determiñóu o retraso dalgunhas orgaizacións no escomenzo da Campaña.



Xulio Pérez de la Fuente

Pro, a pesar dilo, da escasa información que en todo intre deu a prensa, **coa clara intención de que a nosa actividade pasara o máis desapercibida posible**, e das varias ducias de detencións de camaradas, cando realizaban laboura propagandística, a Campaña representóu, xa, un importante avance no desenrolo do noso partido e sin ninguna dúbida o balance global foi **positivo.**

Nun período de tempo tan corto fixemos ducias de actos púbricos de entrega de carnés. Nuns casos nas asambleas locales de militantes, simpatizantes e amigos, e nas organizacións máis numerosas por Agrupacións. Istes actos, pros que disfrutamos, en xeral, de tolerancia, foron pequenos mitines, que remataron en festa, todos iles de estraordinaria emoción. Vivimos un reencontro do



***En Ourense empezóu a consiña do "non pagar"* (Acto VIII Aniversario do PCG)**

Partido coa sua historia; as novas promocións de camaradas descubriron, as veces con asombro, un pasado heroico que nos reafirma nas nosas convincións e nos identifica inda máis co P.C.G., viron a algúns dos protagonistas, supervivintes, disa historia, ós que se lles rindiu homenaxe en todos os actos.

O carné supón un instrumento importante no desenrolo do Partido. E unha forma de materializar a vinculación ó Partido, permite unha clarificación das nosas dimensións actuales e, a sua propia esistencia favorece o carácter de partido xa non clandestino, senón aberto e púbrico, que debemos ter nistes intres: ó borde da conquista da nosa legalidade.

Os actos de entrega de carnés tiveron moita repercusión no medio rural, onde camiñábamos en xeral con certo **retraso** no relativo á aparición e traballo púbrico. Un obxetivo temos que propoñernos, avanzar niste camiño hasta que non quede unha soia vila en Galicia na que non se teña feito un distes actos.

Nos derradeiros días, no Ferrol e na Cruña, fixéronse actos (de máis de 200 persoas cada un) pra entrega de carnés a camaradas que ingresaron durante a Campaña; o ésito foi rotundo. Por exemplo, no Ferrol, nises dous actos cos que rematóu a campaña, rexistráronse 89 novos ingresos. Ista ten que ser unha das prespectivas xerales: **celebrar periódicamente iste tipo de actos** pra proceder niles a entrega de carnés ós recén afiliados. O calor e a emotividade dos mesmos contribuie a que moitos simpatizantes decídanse a dar o paso de recoller o carné.

Non podemos silenciar, sin embargo, aquiles aspectos da Campaña menos brilantes e incluso deficentes. A campaña propagandística, a escepción ciais de Ferrol, non estivo á altura das circunstancias. A dinámica escomenzada a raíz da campaña pro-abstención no Referendum, de pegada masiva de carteles, venta en mesas da nosa propaganda, irradiación das cidades ó campo, etc., non pode quedar interrumpida cando é máis necesaria.

No mesmo senso podemos afirmar que nos quedamos cortos no obxetivo da **saida púbrica**, de presentación dos distintos comités do Partido, de solicitude de mítines, etc. Tamén niste caso, a finalización dos actos de entrega de carnés non é obstáculo pra continuar nista direción.

Pra rematar, e na liña autocrítica que vimos desenrolando, non nos cabe dúbida de que o conxunto do Partido non prestóu a atención e o esforzo necesario pra desenrolar as tres xornadas dedicadas a: muller, campo e ó mar. Istes tres frentes siguen sendo o irmán pequeno da nosa actividade. Hoxe cobran unha importancia estraordinaria e hai que reforzar de inmediato o traballo e dedicación ós mesmos.

Nista etapa preelectoral, cando algúns partidos xa están legalizados, e sobor do noso pende a incógnita, **calqueira postura de espera podería ser fatal.**

XULIO PEREZ DE LA FUENTE



"Loita con alces" (Entrega de carnés ós veteranos do Partido). Vigo



***¡Viva a clase obreira galega!* (Entrega de carnés na agrupación de Astano, no Ferrol)**



Santiago Alvarez na entrega de carnés na Coruña

A VOZ DO OBREIRO

"A miña decisión"

No número 3 de A VOZ DO OBREIRO, Orgao Sindical da Comisión Obreira de Citroen, recóllese un artículo no que Manuel González Mallo, secretario da Xunta Sindical de Citroen, fala da sua decisión de afiliarse ás Comisiós Obreiras. «A VOZ DO POBO», ainda que non se identifique plenamente con algúns conceptos diste artículo, cree interesante estractar algúns párrafos dil, co fin de contribuir ó maior esclarecemento da custión sindical, sobre todo nestes momentos nos que o Movimento Obreiro saca á luz da legalidade, tantos anos negada, as suas orgaizaciós, e que centos de miles de traballadores están á afilarse a elas:

«Estudiéi fondamente a tres dos Sindicatos esistentes: Comisiós Obreiras, USO e UGT; e sólo estudié a istos tres, porque son os que integran a Coordinadora de Organizaciós Sindicales (COS), na cal creo máis que en calqueira dos Sindicatos, xa que siñifica a Unidade de todos éles.

Rexeitéi primeiramente a UGT, e non porque os puntos que predica sexan malos, senón por no ir ó xogo sindical estos dous últimos anos, ó negarse presentar ás últimas eleciós sindicales. Os que loitamos e posto a cara durante esos anos, estamos convencidos de que iba a ser moi difícil loitar como o fixeron senon estivéramos amparados pola pequena proteción e movilidade que ise verticalismo posibilitaba.

Se tacha ás Comisiós de ser un Sindicato Comunista. Eu pregúntome: ¿Qué me importa que os actuales dirixentes das CC.OO. señan de tendencia Comunista? O fin e ó cabo si dentro duns meses hai un millón de afiliados ás CC.OO., non cabe dúbida que os Comunistas serán minoria. E si eu entón teño que elexir ós que dirixan o Sindicato, e como eu terán que votar moitos, con non elexilos, cuestión arreglada. E si todos os dirixentes Comunistas voltan a sair elexidos, o que me preocupará é que me defendan sindical e laboralemente; en todo o que se aparte diste terréo, no cal demostráronnos que son verdadeiros artistas, pois non lles farei ningún caso. E si anteponen os intereses do Partido ós meus intereses laborales, ou seña, o día en que DENTRO DA EMPRESA misturen o laboral e o político, ese día afastaremo déles e os combatirei coa mesma forza que os defenderei mentras esté dentro do Sindicato.

A gran loita que mantiven conmigo mesmo foi ó ter que elexir entre a USO e as CC.OO. O final, sopesando as cousas boas e as malas de entrambos, me inclinéi polas CC.OO.

Animo a aqueles que creen que a miña honradez e combatividade foron as precisas, á afiliarse a Comisiós Obreiras, pois penso que é o Sindicato que millor nos defenderá. Que se afilien convencidos de que, en canto eu pense que iste Sindicato non cumple co establecido, animarémos a inclinarse por outro Sindicato millor.»

O P. C. G.: Partido Democrático

Santiago Alvarez está a rematar un libriño que leve por título —ainda que pode ser provisional— «¿Qué é e por qué loita o Partido Comunista de Galicia?». Libriño escrito con motivo do VIII Aniversario do Partido e adicado especialmente ós traballadores galegos. A continuación reproducimos un dos capítulos diste libro:

«O PCG: Partido Democrático.

O PCG é un partido democrático en toda a amplitude diste término. A súa historia foi i a súa política actual é unha loita denodada pola democracia; o seus membros (obreiros, campesiños, forzas da cultura) son a espresión das forzas sociales nas que máis firmemente ten de asentarse a democracia. O seu programa pra prósima etapa a pra ulterior etapa socialista é democrática; a súa vida interna, como partido, ríxese por métodos democráticos.

O autor diste traballo foi xuzgado no 1945 por un Consello de Guerra. A súa condena basóuse no pretendido delito de rebelión militar. Pro a causa de aquéla non foi isa rebelión, que non esistía, senón o feito de loitar polas libertades políticas a nivel de Estado e polas libertades nacionales de Galicia.

Así proclamóuse diante do Tribunal, demostrando que a decisión de entrar clandestinamente en España, estaba determinada polo obxetivo de loitar por ditas libertades, esmagadas pola victoria de Franco e pola instauración da súa dictadura.

Por loitar polas libertades políticas e nacionales, foron detidos, condeados ou procesados, pasando anos na cadea: Rafael Pillado, Manolo Peña-Rei, Carlos Nuñez, Carlos Barros, Anxel Guerreiro, Xosé Iglesias, Amor Deus, Riobóo, Xulio Pérez de la Fuente, Sari Alabau, Rafael Barez, Luis González, X. Abuín e moitos outros membros do C. E., do C.C. e dos comites provinciales e locales do PCG.

A razón de crearse o PCG, a súa esistencia, os postulados que figuran nos seus estatutos, o programa que define os seus obxetivos, os seus fins, toda a súa traieutoria como orgaización, a súa razón de ser nunha palabra, atopánse en relación directa coa necesidade de establecer en Galicia i en España a democracia. Democracia política, democracia económica e social, socialismo, cimentando iste tamén nunca ampliación e profundización da democracia política.

No primeiro punto do Programa Provisional do PCG, aprobado ó fundarse éste, dícese: «O obxetivo inmediato polo que loitamos os comunistas na presente fase e a eliminación do réxime franquista e o establecimento dun réxime de libertades políticas».

No punto XIII referido ó período de transición ó socialismo, afirmase que a democracia política i económica será un rexime de transición do capitalismo ó socialismo e subráiase que iste concíbese como un Estado democrático con libertades políticas e pluralidade de partidos.

A loita polo socialismo na libertá, na democracia, é un obxetivo subraiado en todos os documentos fundamentales do Partido Comunista de Galicia.

A normas orgaizativas do PCG, baseadas no centralismo democrático, repousan en principios máis democráticos que os de ningún outro partido político. Todas as decisiós do Partido, escomenzando pola súa táctica i estratexia, é decir, pola súa liña política, son en xeneral, sometidas á discusión i á decisión do Partido nas conferencias nacionales ou nos congresos do Partido, nas conferencias ou nas asambleas de seitores, de ramas de produción, nas cales discutese a millor táctica a seguir no seitor dado. Os acordos si non son tomados por unanimidade, adoptánse por maioría o cal é, por esencia, o fundamento de toda democracia. En realidade, a democracia, si é auténtica, é o goberno da maioría o que espresa a vontá soberán dísa. Esa é a forma de goberno que fefende e pola que loita o PCG.

Un partido político obreiro, comunista é nacional cando nas súas filas están integradas polos representantes das clases e capas máis numerosas i esponentes da nación, e mantén profundas raíces de masas. Cando pola súa actuación cotidián e pola súa proleución estratéxica é capaz de interpretar i esprosar os intereses desas clases e do conxunto da nación como comunidá humán; cando os obxetivos polos que loita son consustanciales con isos intereses.

Un Partido Comunista é nacional cando ademáis do dito, mantén a súa total independencia de criterio político e actuación acorde cos intereses populares e nacionales. Independencia respecto á Estados estranxeiros, ás clases dominantes e opresoras do seu propio Estado, etc.

Un Partido Comunista é nacional, ó propio tempo que internacionalista, cando sendo solidario coa acción da clase obreira e da loita dos pobos oprimidos por su liberación, a súa política, a elaboración da súa liña táctica, é totalmente independiente, non é dictada nin mediatizada por ningún tipo de centro nin de disciplíña internacionales.

Isas características de partido nacional son as que reune o PCG por si mesmo e porque isas características son tamén propias do PCE.

¿Se pode ser un partido nacional e ser á vez un partido fiel representante das clases e capas máis explotadas e oprimidas da sociedade actual? A resposta afirmativa xa a anticipamos nos párrafos anteriores. E repousa no feito de que a clase obreira, os campesiños e as outras capas sociales populares constituyen a maioría absoluta da nosa poblacion. Pro tamén, no feito de loitar polas reivindicaciós doutras capas, coma son as dos artesáns, modestos industriales e comerciantes; é decir, da burguesía pequena e media e incluso as da burguesía non monopolista.

O PCG fáise intérprete e defensor dos intereses e anceios da maioría absoluta de nosa sociedade, non sólo polo que respeta ó presente momento histórico, senón tamén polo que refire ó porvir. O PCG é nacional por que é o abandeirado da loita pola libertá nacional de Galicia como nación oprimida».



"Facer unha Galicia máis xusta e ceibe pra éles". Vilagarcía.

A FOLGA DOS P. N. N.

Os P.N.N. de Instituto, que a nivel de Estado supoñemos un 80% de profesorado do Ensino Medio, temos como principal problema a estabilidade no posto de traballo. Somos contratados cada ano e podemos ser despedidos ó rematar o curso, sin que medie ningunha razón obxetiva, máis que «la conveniencia de la Administración», sin dereito a seguro de desempreo, como consecuencia do tipo de contrato, que é administrativo e non laboral.

O pasado ano conseguiuse artellar un aparello orgaizativo a nivel do Estado i escomenzóuse unha folga de apoio á apertura de negociaciós co Ministerio de Educación i Ciencia. Destas negociaciós conseguíouse a promesa de ter traballo seguro neste ano académico.

O comenzo do curso pedinronse de novo negociaciós e o M.E.C. somentes constestóu cando viu que 12.500 P.N.N. estábamos en folga. Agora levamos 40 días en folga cos seguintes puntos reivindicativos:

1.º — Conxelación das actuales oposiciós, que somentes cubren 8.000 plazas nun plazo de catro anos, sin ter en conta que xa agora somos 13.500 os P.N.N. en activo, deixando aparte ós parados e ás novas promociós.

2.º — Estabilidade pra os 13.500 que neste momento estamos traballando.

3.º — Non sanciós.

Tivéronse sucesivas conversas cos representantes do M.E.C. pero os resultados, de momento, non foron positivos, é decir, que o problema principal sigue en pe: 8.000 e 13.500 P.N.N. do que se deduce que, ainda no suposto de que os 8.000 aprobados foran dos actuales P.N.N., 5.500 pasarían a engrosar as filas dos parados.

O problema non é acabar cos P.N.N.: sinón escolarizar a población e crear máis centros estatales, suprimindo a política de subvenciós ó ensino privado. Este é o senso desta folga, que ten dous puntos fundamentales:

1.º — O dereito de todo traballador a conservar o seu posto de traballo.

2.º — A folga non ten un carácter corporativista porque plante en primeiro plano a calidade do ensino que pasa necesariamente pola estabilidade do profesorado, sin que esto queira decir que defendamos a garantía do cargo de por vida, que é precisamente o que ofrece a Administración cas oposiciós e que vai en contra da necesaria responsabilidade e control democrático da función docente.

VIGO: 500 COMUNISTAS NUN ACTO DO P.C.G.



Xesús Alonso Montero, recibe o carné de mans de Luis Estévez. (Vigo)

Co motivo da finalización da entrega colectiva de carnés do Partido, dentro da CAMPAÑA VIII ANIVERSARIO, a organización de Vigo celebróu unha cea á que asistiron máis de 500 militantes e simpatizantes, caracterizándose dende o primer intre, polo entusiasmo de todos os asistentes a ela.

O final da cea, tiveron lugar varias intervenciós de algúns camaradas. Abriú o fogo Augusto Fernández Docampo, responsable político do Comité Local, que resaltóu a siñificación do acto como un paso máis na tarefa de impor a legalidade do Partido.

Concha Lago Piñeiro falóu da historia do PCG: historia da loita da clase obreira e do pobo galego pola democracia, polo Socialismo na Libertá e pola autodeterminación de Galicia. Waldino Varela puso de manifesto a necesidade de prepararse para as próximas eleciós nas que a clase obreira ten que estar presente cos seus propios partidos. Continóu un membro da Xuventú Comunista Galega pedindo un minuto de silencio polo militante da XCG. Emilio Suárez Valdés, morto na Universidade Laboral da Cruña. Xesús Alonso Montero señalóu a importancia da alianza das forzas da cultura e do traballo pra conquerir unha sociedade máis xusta e máis ceibe. Paco Comesaña, 40 anos de militancia comunista, recordóunos á Galicia do esilio, e cal tamén está a loitar pola libertade da nosa terra. Carlos Barros fixo un chamamento a clase obreira a apoiar a loita dos campesiños das Encrobas, e adicóu un emocionado recordo a DOLORES, pedindo a sua volta a España. Pechóu o turno Manolo Peña Rei que animóu ós presentes a seguir loitando pola conquista da legalidade pro Partido o mesmo tempo pra todos os demáis partidos.

A continuación, Luis Estévez, responsable de organización do Comité Local, fixo entrega de carnés os membros do C. L. de Vigo, e deceas de simpatizantes decidironse tamén a collelo. A gran maioria dos asistentes xa tiñan recollido nos actos das Agrupaciós.

Terminóu o acto co Himno Galego e a Internacional. Foi o acto sin dúbida máis importante de cantos se celebraron hasta agora, dentro da Campaña VIII Aniversario polo número de asistentes a il. Agardamos que axiña quede superado.